


RECOMENDACIÓN Á HORA DE GRAVAR VÍDEOS

- Gravar sempre na máxima calidade posible: **1080 FULL HD** é o formato máis común e accesible agora mesmo. Se hai a posibilidade tamén podemos gravar en 4K.*
- Escoller a opción de **25fps** (fotogramas por segundo) ou 24 fps tamén valería pero é máis indicado para cine.
- A relación de aspecto máis común é a de **16:9**. (Podemos atoparnos vídeos “vintage” en 4:3)*
- Sempre gravamos en **horizontal**.
- O ideal é **luz exterior**, pero se queremos gravar son teremos que valorar se hai moito **ruido/vento**, e que sexa en **horas nas que a luz é o máis estable posible**. Se non, deberíamos gravar dentro buscando zonas o máis iluminadas posibles, aínda que teñamos que utilizar flexos caseiros ou a linterna do móbil. Se imos iluminar con focos ou lámpadas é importante que poñamos unha a cada lado para eliminar sombras. (A non ser que queiramos xogar coas sombras artisticamente)
- Debemos **coidar moito o encadre**. Cada plano ten que ser unha fotografía. Tendo en conta a **regla dos 3 terzos**. O punto de interese debe estar sempre nalgún dos catro puntos do centro. Debemos deixar sempre **aire nos extremos** e **non cortar nunca o plano por onde haxa articulacións do corpo**.



- A miña recomendación para isto é que cultivedes o voso ollo tanto en vídeo como en foto. Que vos fixedes con atención cando vaiades o cine, cando vexades videoclips, ou mesmo a tele, e logo só se trata de imitar.
- **Nunca graves coa cámara na man**, aínda que che pareza que tes bo pulso na pequena pantalla da cámara ou móbil, cando o ves logo nunha pantalla dun ordenador ou televisión sempre se vai notar máis o movemento e isto resta profesionalidade ao noso traballo. Emprega trípode ou steady cam.
- Debemos **evitar o zoom da cámara**. Perdemos moita calidade o que debemos facer é acercarnos máis ao que queremos gravar, ou facer zoom na edición.
- **Asegurarse sempre de que o que estamos gravando está ENFOCADO.**

- **A ISO non debe estar moi alta**, cando gravamos en sitios con pouca luz e temos posto a ISO en automático, o máis probable é que nos poña unha ISO altísima e eso nos baixe moito a calidade do noso vídeo. A ISO non debería sobre pasar os 1000 (isto depende moito da cámara). Se vemos que temos moito gran na imaxe poñemos o ISO manual máis baixo e logo tentamos iluminar máis o plano na edición.
- Se gravamos con **varias cámaras** é moi importante atender a que os **formatos e características da imaxe** comentadas anteriormente sexan **iguais**.
- Outra recomendación é se gravades planos rectos perfectamente encadrados, que as liñas que se poidan ver na imaxe vaian todas rectas.
- Cando gravamos persoas existe a **ley da mirada** (isto pasa en vídeo, foto e tamén pintura) debemos deixar aire (espazo) na dirección da mirada, aquí tedes exemplos:



Cando esto non se fai ao contrario a min molestate bastante nos ollos.



En canto ao son, seguro que na próxima sesión podedes sacar un apuntamentos moi xeitosos co compañeiro Manolo Maseda.

*Atopamos isto nos axustes da cámara.